

NOTA INFORMATIVA RELATIVA AOS GRUPOS DE COTIZACIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL 2026 EN RELACIÓN COA ORDE DE AXUDAS RURAL ACTIVO.

En relación ás dubidas xurdidas sobre ás ocupacións e/ou as titulacións coas que van ser contratadas as perdoas que se seleccionen para desenvolver o traballo de **coordinador/a Aprol***, previsto na *Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G)*, como persoa encargada da interlocución permanente co persoal encargado de garantir o sistema público de xestión da biomasa segundo dispón o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e SEAGA, emítese esta Nota informativa ao efectos de aclarar dúbidas e unificar actuacións.

1- O artigo 5.2 da Orde recolle que: “As persoas que se contraten para os labores de coordinación, segundo o disposto no artigo 4, alínea c), inclúiranse en todo caso nos grupos de cotización 1 ou 2.. É dicir, a norma está a predeterminar o grupo de cotización en base ás funcións (coordinación), non da titulación.

2- Realizar labores de coordinación implica:

- Organización de actuacións de prevención de incendios
- Coordinación con administracións públicas (Xunta, SEAGA, etc.)
- Relación co sistema público de xestión da biomasa
- Supervisión de equipos ou actuacións no territorio
- Seguimento e control de intervencións

Ademais sobrenténdese que o posto de Coordinador/a require: autonomía operativa, capacidade de toma de decisións e responsabilidade técnica ou organizativa.

3- De acordo co establecido no artigo 147 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e nas correspondentes Ordes de cotización, a adscrición aos grupos de cotización 1 e 2 determínase en función do nivel de titulación e, fundamentalmente, do grao de responsabilidade técnica e das funcións efectivamente desempeñadas no posto de traballo.

Se ben historicamente os grupos 1 e 2 estaban vinculados de maneira estrita á posesión dunha determinada titulación académica, a evolución da normativa laboral e da interpretación xurisprudencial ten consolidado un criterio máis flexible, no que **prevalece a realidade funcional sobre os elementos formais**. Así, a clasificación profesional debe atender prioritariamente ás tarefas realmente desenvolvidas, ao nivel de autonomía e á responsabilidade asumida pola persoa traballadora.



Neste sentido, cando o posto implica o desenvolvemento de funcións de carácter técnico, tales como a coordinación de actividades, a xestión de equipos, a supervisión de procesos ou a asunción de responsabilidade técnica propia de mandos intermedios ou persoal cualificado, o seu correcto encadramento debe realizarse no grupo de cotización que corresponda a ese nivel funcional: grupo de cotización 1 ou 2, con independencia da titulación formal da persoa traballadora.

4. Para cumprir co que recolle Orde, as persoas deberían desenvolver/ter:

Obrigatorio

- Funcións reais de coordinación
- Participación no sistema de prevención e defensa contra incendios
- Interlocución con organismos públicos (como SEAGA / Xunta)

Recomendable

- Formación técnica (forestal, ambiental, agraria, etc.)
- Experiencia en:
 - incendios forestais
 - xestión de biomasa
 - coordinación de equipos

CONCLUSIÓN

A norma non condiciona a inclusión nos grupos de cotización 1 ou 2 á posesión dunha titulación nin ocupación específicas, senón ao desempeño de funcións de coordinación no ámbito da prevención e defensa contra incendios forestais.

En consecuencia, o elemento determinante para a entidade que contrata é a natureza das funcións que efectivamente se van realizar e o nivel de responsabilidade que se vai asumir, sendo suficiente que a persoa traballadora realice tarefas de coordinación, supervisión e relación co sistema público de xestión da biomasa para xustificar o seu encadramento nos devanditos grupos, con independencia da súa titulación formal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

